

# BOLETÍN APOEGAL

Boletín Dixital da Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia

Nº 14– DECEMBRO 2010

ISSN 1989-6107



**A Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia  
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover  
a Orientación Educativa**

APOEGAL é membro de:



<b>V ASSEMBLEA DE APOEGAL .....</b>	<b>3</b>
<b>ARTIGO DO TRIMESTRE .....</b>	<b>7</b>
<b>APOEGAL E COPOE EN FOTOS , 2010 .....</b>	<b>10</b>
<b>A TÚA OPINIÓ.....</b>	<b>13</b>
<b>NOVAS TECNOLOXÍAS PARA A ORIENTACIÓN EDUCATIVA .....</b>	<b>17</b>
<b>CONTACTA CON NOS .....</b>	<b>19</b>
<b>POST DATA .....</b>	<b>20</b>



## ACTA DA 5ª ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ORIENTADORES DE GALICIA (A.P.O.E.G.A.L.)

A asemblea celebrouse o día 20 de novembro de 2010, ás 11.00 horas, en segunda convocatoria, en Santiago de Compostela, na Galería Sargadelos, (Rúa Nova nº 16) coa seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

**Pto1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da última asemblea

**Pto 2.** Informe da Dirección

**Pto 3.** Altas e baixas de socios. (Informe da Secretaría)

**Pto 4.** Estado de contas. ( Informe da Tesourería)

**Pto 5.** Informe das distintas vocalías

**Pto.6** Renovación da xunta Directiva

**Pto 7.** Rogos e Preguntas

Asisten a Asemblea 5 socios, todos eles membros da Xunta Directiva.

**Pto1. Lectura e aprobación da acta da última asemblea.** Apróbase por unanimidade

**Pto 2. Informe da Dirección**

Toma a palabra **Don Daniel Veiga Martínez**

O día 23 de maio de 2007, data na que cambia a xunta directiva de APOEGAL, o entrante presidente fixo fincapé, entre outras cuestións, na petición de colaboración e implicación ao conxunto dos asociados/as e, especialmente, solicitou o esforzo e a colaboración entre os membros da xunta directiva. Partimos da base de que non é posible avanzar na mellora da orientación en Galicia sen **o traballo colaborativo**.

No día de hoxe -20 de novembro de 2010- estamos aquí para dar conta das actividades realizadas e aproveitamos para continuar solicitando a colaboración e a implicación aos asociados/as. Neste momento, formamos a xunta directiva só cinco persoas.

En relación coas diferentes actividades que se teñen realizado ao longo dos tres anos (2007/2010), quixera facer mención sintética ao seguinte:

a) Temos establecido un **perseverante, intenso e eficaz servizo de información especializada** mediante o uso do **correo electrónico**. O número dos correos electrónicos enviados (máis de dousmil setecentos) a conta da importancia do servizo que se facilita. Animamos a todos/as a que utilicedes o correo de APOEGAL para facer chegar as vosas aportacións e as vosas inquiredanzas.

b) Co traballo e a colaboración dos/as orientadores/as conseguimos que o noso **BOLETÍN** chegara o seu número 13. No período 2007/2010 apareceron 6 números –do 8 ao 13-. Consideramos que **é necesario continuar co Boletín de Apoegal**, procurando que máis compañeiros/as se animen a participar coas súas experiencias e reflexións (xa sabedes que o que se publica no Boletín ten validez como mérito académico xa que o noso Boletín ten *isnn*).

c) Contamos cunha páxina web que xa coñecedes ([www.apoegal.com](http://www.apoegal.com)) que foi reformada neste período e na que podedes consultar informacións xerais. Tamén dispomos dun **BLOG** (<http://apoegal.blogia.com>) no que se procura ir dando conta dalgunhas informacións que nos parecen interesantes. No trienio 2007/2010 temos publicadas 72 anotacións informativas. Aproveito a ocasión, unha vez máis, para solicitar a vosa colaboración no BLOG de Apoegal.

d) A nosa Asociación ten participado en distintas **Xornadas e Encontros** relacionados coa orientación educativa en 2008, 2009 e 2010. Entendemos que debemos estar presentes nos Encontros de Orientación e potenciar o contacto coas Asociacións de Orientadores integradas na COPOE.

e) Durante o período 2007/2010 mantivemos contactos e reunións coa **Administración Educativa Galega** para tratar distintas cuestións de interese para os asociados/as e dar a coñecer o traballo realizado pola nosa Asociación. Recentemente, enviamos un correo electrónico e carta certificada solicitando que non se convoquen actividades de formación en sábado.

f) Procuramos que o traballo de Apoegal se reflicta nos **medios de comunicación social**, polo que neste trienio 2007/2010, temos realizado colaboracións con La Voz de Galicia, Faro de Vigo e El País.

Por último, agradecer a todos e a todas o traballo realizado neste período e pedir, de novo, a colaboración de todos/as .

**Pto 3. Altas e baixas de socios.** (Informe da Secretaría) Toma a palabra **Dona Gema Castro Pico** para informar que a día de hoxe, e sen verificar as baixas de socios que non teñen domiciliado o pago da cuota anual, somos 107 socios.

**Pto 4. Estado de contas.** ( Informe da Tesourería)

Toma a palabra **Don Luís Alberto Varela Pérez**.

Estado actual: mantemos dúas contas em Novacaixagalicia (ata agora unha em Caixagalicia e outra em Caixanova ); em total suman un saldo de 9233,10€.

Resumo dos gastos:

Os gastos cotiáns da asociación son:

Comunicación ( teléfono, correo)

Cuota de COPOE (100 €)

Desprazamentos para as reunións da xunta directiva

Mantemento de páxina web 180€  
Este ano mercamos un netbook. 339,90€  
Apróbanse as contas do 2010

## **Pto 5. Informe das distintas vocalías**

Toma a palabra **Dona Ana Torres Jack** Vicepresidenta de APOEGAL. Comenta a actualidade e as actuacións dende APOEGAL:

5. - Ana Torres informa dos eventos organizados por COPOE nos que participou APOEGAL

- IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES, Burgos, 25-27 de abril de 2008.
  - Organizado pola ACLPP (Asociación de Psicopedagogos de Castilla-León).
  - Lema do Encontro: "A orientación como recurso educativo e social".
  - Ás xornadas de Burgos asistimos Daniel, Gema, e mais eu da Xunta Dtiva.
  - Como Vocal de Comunicación de COPOE colaborei activamente na organización e difusión do evento en medios de comunicación a través de notas de prensa (medios nacionais e galegos, Revista Galega do Ensino EDUGA, La Voz de la Escuela,...).
  - Realizouse un convite oficial para que participasen representantes da administración galega (en concreto a M<sup>a</sup> José Pérez Mariño) pero non votivos resposta de dita invitación.
  - Como vicepresidente de APOEGAL formei parte do comité organizador.
  - Ampla difusión nos medios das Conclusións e Propostas de Mellora que se extraeron das xornadas. Tamén fixen unha extensa reportaxe do IV Encontro para Cadernos de Pedagogía.
- XORNADAS NACIONAIS DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL, Murcia, 24-25 de abril de 2009.
  - Organizado por APOMUR.
  - Nesta ocasión Gema asistiu como representante de APOEGAL e participou nunha mesa redonda sobre o modelo de Orientación da Comunidade galega.
  - Nestas xornadas presentouse o Manifesto pola Orientación, que recolle reivindicacións e acordos deste colectivo.
  - Xornadas que serviron de punto de encontro e intercambio de experiencias.
- V ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES. Sevilla, 12-14 de marzo de 2010.
  - Organizado pola Federación de Profesionais da Orientación de Andalucía, FAPOAN, e promovido por COPOE.
  - Lema do Encontro: Educar e Orientar na Diversidade.
  - APOEGAL formou parte da organización do Encontro en relación cos medios de comunicación.
  - Realicei unha intervención como vicepresidente de APOEGAL.
  - Asistimos toda a Xunta Dtiva de APOEGAL ao completo.
- Seguintes citas:
  - Xornadas nacionais de Alicante, 1 e 2 de abril de 2011.
  - VII Encontro Nacional de Orientadores, Bilbao, 2012.

Por outra banda, APOEGAL participou e colaborou coas Xornadas Pedagóxicas Internacionais de Orientación, organizadas por la Asociación Profesional de Pedagogos de Galicia e celebradas os días 23 y 24 de abril de 2010.

Fai un resumo do traballo da Vocalía de Comunicación estes tres anos:

1.- O servizo de información (correo electrónico) sobre temas de potencial interese para os asociados/ as é eficaz (Sonia)  
 - APOEGAL realiza unha permanente e intensa laboura informativa especializada.

**CORREOS ENVIADOS** (A data de 14/10/2010): **2756**

(No 776 se informa do cambio de Xunta Directiva, maio de 2007)

**CORREOS DEVOLTOS: 2052**

(Neste curso 2010-11: 213)

**CORREOS RECIBIDOS: 1792**

- Copoe: 747
- Outras entidades (Asoc,Seminario Paz, Universidade): 409
- Aportacións ó Boletín: 55
- Consellería: 3
- Solicitudes de información: 39
- [Soci@s](#): 342 (7 sobre Encontro Nacional de Orientación 2010)
- Novas inscricións: 15
- Xunta directiva: 162

**CONTACTOS : 220**

- Socios/as: 100
- Medios Comunicación: 51
- [Domiciliad@s](#): 83
- Boletín: 16
- Baixas: 32

2.- O noso BOLETÍN (Sonia). **A TÚA OPINIÓN**

2007	2008	2008	2009	2009	2010
Nº 8	Nº 9	Nº 10	Nº 11	Nº 12	Nº 13
TEMA: Nº de <a href="#">orientador@s</a> por centro	TEMA: Avaliación e promoción na ESO	TEMA: Orientación e docencia	Outros temas	TEMA: Recomendacións sobre lecturas de orientación	TEMA: Videovixancia nos centros educativos

**ARTIGOS**

Manuel, Daniel, Juan Luis	Ana, Juan Luis	Manuel, Daniel, Ana	Daniel, Ana		Daniel, Ana
---------------------------------	-------------------	---------------------------	----------------	--	-------------

3.- O blog de APOEGAL (Daniel)

**72 anotacións**

2007	2008	2009	2010
28	20	11	13

## **Pto.6 Renovación da Xunta Directiva**

Non houbo candidaturas, nesta situación a actual Xunta Directiva faise cargo da asociación.

Queda constituída a nova Xunta Directiva como sigue:

Sonia Ferro Cid (Vocal de Comunicación)

Luís Alberto Varela Pérez (Tesoureiro)

Gema Castro Pico (Secretaria)

Ana Torres Jack (Vicepresidenta)

Daniel Veiga Martínez (Presidente)

Levantase a sesión cando son as 12.30 horas do 20 de novembro de 2010.

Asdo: Gema Isabel Castro Pico  
Secretaria de APOEGAL

## **Os orientadores opinan. Artigo do trimestre**

### **El Caballero y la florecilla o La Orientación desde mi atalaya**



Después de más de 20 años de reconocimiento real y generalización oficial de la orientación educativa en los Centros de nuestro país, aún perviven interpretaciones muy diferenciadas sobre la labor a desempeñar en este oficio (oficio por todo el componente artístico y creativo que implica su ejercicio), y cuáles deben ser las virtudes principales que deben entrenar, en constante progresión las personas que se dedican a él. Con este artículo me propongo abrir un pequeño agujerito en el muro que protege (y a veces aísla) la educación reglada y su hábitat natural: los centros escolares.



En este empeño, compararía la figura del orientador con un caballero andante llamado AMADÍS. Caballero andante porque, constantemente anda inmerso en aventuras pedagógicas, en busca del bienestar de quienes encuentra en su tránsito por los centros, “desfaciendo” entuertos entre los diferentes miembros de la comunidad educativa y peleando contra aquellos que, acorazados en su obstinación e inmovilismo, aún siguen pensando y ejerciendo la docencia en el escenario remoto de los tiempos; entendiendo, que la autoridad

como poder único y unidireccional, y el libro de texto como nexo umbilical de la docencia, pueden ser los únicos ingredientes de una enseñanza de calidad. Y le bautizamos AMADÍS porque las letras de su nombre constituyen un acrónimo que a modo de síntesis, recoge las principales cualidades profesionales que dan sentido a su labor:

**A:** Articulador de proyectos, experiencias, intervenciones, etc. No solamente intramuros de su “cole” o de su “insti”, sino también abriendo las puertas y colaborando con aquellas iniciativas provenientes de fuera, ya sean de la propia administración educativa como de otras instituciones.

**M:** Mediador entre los diferentes componentes de la Comunidad educativa, apostando por la participación y el entendimiento como motores que impulsan a la escuela en el camino del progreso y la mejora.

**A:** Algorítmico, aplicando conjuntos ordenados de operaciones en la búsqueda de soluciones ante situaciones problemáticas de cualquier índole: técnicas, relacionales, didácticas, etc. Se trata de disponer de un maletín de estrategias multiusos que pueden ser de utilidad para dar respuesta a diferentes demandas en el quehacer profesional cotidiano.

**D:** Diagnosticador. No solamente en la faceta más clínica vinculada al alumnado con dificultades o discapacidad, sino también en relación a las necesidades generales del Centro en todas sus vertientes (organizativas, formativas, de innovación, etc.).

**I:** Innovador tanto en su práctica como en su formación y actualización profesional. Esta dimensión tiene una vertiente de “apostolado”, pues se trata también de promover y difundir este espíritu de cambio y progreso entre el resto de los componentes de los Claustros.

**S:** Simpático, en el sentido de promover el pensamiento positivo entre la comunidad educativa, impregnando de optimismo e ilusión la convivencia y la vida diaria de las instituciones en las que ejerce su oficio.

... Y después de varias batallas pedagógicas, hallábase nuestro héroe descansando junto a su montura, bajo un chaparro manchego, cuando, en estado de somnolencia meditaba sobre el acertamiento en su modo de obrar. Con esta profunda elucidación ocupando su cabeza y agitando su pensamiento, escuchó la dulce voz de una margarita dodecapétala que así le habló: “deshójame, buen caballero, y te ayudaré a encontrar los principios que han de guiar tus intervenciones. No temas hacerme daño, este es mi destino, con él soy feliz”. AMADÍS, se incorporó ensimismado, y aún tocado por los abrazos del dios Morfeo, se acercó a ella y tomándola por su tallo, la arrancó y comenzó a deshojarla en busca del esclarecimiento de las claves que debían presidir sus actuaciones. Este fue el mensaje que la sabia florecilla le transmitió:



**SI...** Rellénate de paciencia, optimismo y confianza en ti mismo ante todas las dificultades y desdenes que encierra tu trabajo.

**NO...** Te atrincheres en el despacho o en tu ordenador como refugios de evitación de los problemas con los que te vas a encontrar en los Centros.



**SI...** Conciénciate de que en este trabajo, como en la vida, nunca se acaba de aprender, y por tanto requiere una formación y actualización constantes.

**NO...** Te consideres en posesión de la verdad absoluta intentando imponer tu criterio y punto de vista.

**SI...** Construye un espacio ajardinado de trabajo y colaboración con los profesores y tu equipo directivo, compartiendo metas y esfuerzos, reconstruyendo y transformando vuestro hábitat educativo para hacerlo más acogedor cada día.

**NO...** Intervengas a trompa y talega sin antes haber reflexionado, pensado y planificado sobre la adecuación y acertamiento de tus acciones.

**SI...** Aplica en tu ejercicio profesional todos los conocimientos adquiridos en tu tránsito por los escenarios de la vida. Ella es la tierra en la que se cultiva y crece la educación.

**NO...** Te amarres a la ciencia y la medida como elementos centrales de tu quehacer, solamente son ingredientes del extenso recetario de la Psicopedagogía.

**SI...** Aprovechate de las Nuevas Tecnologías para aprender y compartir ya que estas dos acciones son los nutrientes de tu crecimiento profesional.

**NO...** Te guardes para ti solo tus éxitos y tus fracasos. Fuera, en tu ciudad, en tu zona educativa y en toda España, innumerables compañeros esperan tus noticias.

**SI...** Trata a tus alumnos como si fueran tus hijos, a tus compañeros como a tus hermanos y a las familias como si tú formarás parte de ellas.

**NO...** Ignoren nunca los sentimientos de las personas. La clave de tu éxito se encuentra en comprender y respetar sus emociones y aderezar con tu afecto todas las acciones que emprendas.

Y con el consejo de este último pétalo, la margarita se esfumó en el espacio y el tiempo, dejando en este tránsito un mensaje final: "No basta con ser. Ser por sí sólo no tiene sentido. Hay que ser para ejercer, siempre".

Y colorín colorado, el cuento del caballero y la flor ha terminado. Espero que a todos ustedes les haya gustado.

**Pedro Carlos Almodóvar.** Vocal de relaciones de APOCLAM. Orientador del CEPA "Castillo de Consuegra" en Consuegra (Toledo). Anteriormente ha trabajado en Unidad y Departamento de Orientación.

O IV Encontro Nacional de Orientadores celebrouse en Burgos, do 25 ao 27 de abril de 2008.



Na segunda foto, un momento da intervención de Lidia Santana, Catedrática da Universidade da Laguna, na Aula Magna da Universidade de Burgos, onde se celebrou o Encontro. Javier Urra, Jaume Funes y Juan Vaello foron algúns dos ponentes máis aplaudidos.



As Xornadas Profesionais de Orientación Profesional celebráronse en Murcia, os días 24 e 25 de abril. Nesta ocasión foi Gema Castro, Secretaria de Apoegal, a encargada de participar nunha mesa redonda sobre o modelo de orientación da Comunidade galega.



O Primeiro Congreso Nacional sobre Convivencia e Resolución de Conflictos en Contextos Socioeducativos celebrouse en Málaga, do 27 ao 29 de Novembro de 2008. A vicepresidenta da asociación, Ana Torres, participou nunha mesa redonda sobre experiencias de Resolución de conflitos na comunidade galega. Na primeira foto aparece cos representantes das outras Comunidades (Andalucía, Aragón e Castilla-León) que participaron no debate. Na segunda, nun momento da cea de gala do último día, con representantes de AOSMA, asociación organizadora do evento

O V Encontro Nacional de Orientadores foi en Sevilla, do 12 a 14 de marzo de 2010. Organizado pola Federación de Profesionais da Orientación de Andalucía, FAPOAN, o lema do encontro foi "Educar e orientar na Diversidade". Miguel Ángel Santos Guerra foi un dos ponentes que non defraudou.



36 ESCUELA Núm. 3.864 (2018) 29 de abril de 2010

**Reportaje**

V ENCUENTRO NACIONAL DE ORIENTACIÓN

**Orientación en España: estado de la cuestión**

Son expertos en psicología y pedagogía espacio claramente delimitado. Sin embargo, a veces se les arrinconan o se resta importancia a sus labores. Son los orientadores, y consideran importante que se les tenga en cuenta y se les escuche. Tienen mucho que decir

**IV Encuentro Nacional de Orientadores**

Desenvolverase en Burgos, do 25 ao 27 de abril de 2008.

O evento promóveo a Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España (COPOE), entidade que agrupa unha vintena de asociacións profesionais entre as que se encontra APOEGAL, organización que representa a máis dun cento de orientadores educativos de Galicia.

A conferencia domingo 27 e Funes, psicólogo especialista en redes sociais. Neste IV encontro para experientación á diversidade

**ENTREVISTA | DANIEL VEIGA | Presidente da Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia**

**«A orientación é esencial no sistema educativo»**

Daniel Veiga fala da orientación educativa no século XXI.

—En que sentido a orientación mellora a calidade dos sistemas educativos?

—A orientación educativa é un factor esencial para a mellora da calidade do sistema educativo, en que implica poder en marcha, de ser colaborativa, distintos modelos de atención psicopedagóxica ao consumo do alumnado, de aseguramento especializado ao profesorado e de orientación escolar as familias.

—Como se a sociedade gallega concibe a tarefa do orientador e, en xeral, a función do departamento de orientación?

—Considero que se están dando pasos importantes no reforzamento da figura e das funcións dos orientadores por parte do consumo da sociedade. Por outra parte, sempre dicir que é necesario que un modelo de orientación

se interesen en tratar mediante polo traballo educativo e orientador nos centros e informes das áreas educativas e de apoio pedagóxico (e non sómente de caso a caso ou de reclamacións, claramente no futuro).

—Que papel ten a orientación académica e profesional no traballo do orientador?

—Considero un ámbito de traballo fundamental para o orientador. Axudar a crear o itinerario académico e profesional dos estudantes de ESO, Bacharelato e formación profesional en tempos de crise económica e cambios educativos require de un traballo colaborativo, recursos e tempo. Fíxome que é preciso dispor de máis información actualizada sobre a reforma educativa en xeral e sobre os distintos optativos e estudos profesionais. A Coordinadora de Educación ten un bo traballo de traballo de especial relevancia.

—Como se leva a orientación coas novas tecnoloxías?

—A orientación educativa do século XXI non pode centrarse sen a súa dimensión tecnolóxica. A práctica habitual dos orientadores gallegos pode dicirse a información e utilizar as posibilidades de Internet no seu traballo. No caso de, se leve case un ano actualizado no alumnado do IES García Barbón de Verín no meu blog de orientación académica e profesional [orientacion.blogia.com](http://orientacion.blogia.com)

—Cal é o sentido da existencia de APOEGAL, a sociedade que preside o Programa Premio-Escuela de publicar máis guía de orientación educativa?

—APOEGAL é unha asociación de orientadores gallegos con cinco anos de andadura e máis de cem asociados que busca a defensa dos intereses dos seus membros e a mellora da orientación educativa en Galicia. Tínome unha páxina web, [www.apoegal.com](http://www.apoegal.com), na que se dá conta das nosas actividades e damos parte das actividades realizadas.

—Que valoración fai da laborativa da tarefa orientadora.



Daniel Veiga é orientador no IES García Barbón, de Verín

**EL PAÍS** SOCIEDAD Miércoles, 5/12/2010

Primer Interacción España Economía Opinión Viajes

**Ojo con cargar la agenda del niño**

Los padres deben orientar, nunca imponer, las actividades extracurriculares a sus hijos - La formación complementaria forzada puede volverse en contra

La jornada laboral de los escolares, desde hace muchos años ya, no termina cuando suena el timbre del colegio. Más del 90% de los alumnos españoles de enseñanza obligatoria (de 6 a 16 años) desarrolla alguna actividad extracurricular, y algo más de la mitad, dos o más a la semana, según los datos del Ministerio de Educación. Estas actividades, que pueden tener muchas virtudes y ser beneficiosas para el escolar, responden muchas veces, según distintos expertos, solo a las necesidades de unos padres trabajadores que tienen que colgar a sus hijos muchas horas al día, o se eligen en función de los gustos parentales, y

**ENTREVISTA | JUAN ANTONIO PLANAS DOMINGO**  
Presidente de La Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España (Copoeg)

Planas Domingo durante la entrevista sobre la guía de orientación educativa

**«Los orientadores son el principal vínculo entre los centros educativos y la sociedad»**

Na foto de arriba, un grupo de orientadores gallegos que asistiron ao Encontro de Sevilla. No resto das imaxes móstranse algúns recortes de prensa dos medios nos que Apoegal e Copoe estiveron presentes nos últimos dous anos (El País, La Voz de Galicia, El Faro de Vigo, Revista Galega do Ensino, Cuadernos de Pedagogía...).

## FORMACIÓN EN SÁBADO

Ola , son Mercedes , orientadora no CPI de escairón, Saviñao, e gustariame saber que opina APOEGAL de que a Consellería convoque o II ENCONTRO DE ORIENTADORES o sábado, 13 novembro en vez de facelo nun día lectivo. Sabedes cal pode ser o motivo deste cambio? Imos decir algo o respecto?.

Un saúdo

Mercedes Vázquez

Polo que eu sei, hai actividades de formación, falo das que se organizan desde os CEFORES, que se desenvoven íntegramente fóra do horario lectivo, incluíndo algunhas sesións en xornadas matinais de sábado. Para min, o novedoso deste caso está en que se trata dunha convocatoria organizada desde os servizos centrais da consellería, que creo que sempre se levaron a cabo en días laborables e dentro da xornada lectiva. Dito esto, se me ocorre que se podía redactar un escrito dirixido á consellería, preguntando pola novidade de organizar esta xornada un sábado, e ver o que nos responden.

Un saúdo, Luís Varela.

Eu penso que ese día en concreto no só non é lectivo, senón tampouco laborable no noso sector profesional. Demando formación, por suposto, pero non ó prezo de condicionar tan directamente a conciliación persoal e laboral que me permite o meu posto de traballo ata o momento (a mesma que reinvidico para calquera profesional...non ó revés). A min cando me convoca a Consellería en Santiago, o que entendo é que ese día estou traballando para a mesma “empresa” que a do IES, e se deberían de respetar as condicións de traballo, polo tanto. Saúdos, Sonia Ferro.

Totalmente de acordo contigo, Sonia. Creo que sí deberíamos pedir explicaciónes.  
Ana T. Jack.

Bo día:

En primeiro lugar, dicirvos que eu non recibín ningunha convocatoria para asistir a tal Xornada de Orientación, polo que non sabía nada do asunto.

En segundo lugar, comentar que -como ben di Luís- os Cefores -maioritariamente- organizan as actividades de formación fóra do horario lectivo do profesorado.

En terceiro lugar, sinalar que estou completamente dacordo co Sonia cando afirma que os sábados son días LIBRES -non lectivos-, polo que a Administración educativa non debería convocar actividades para ese día.

Polo tanto, entendo que é convinte redactar un escrito rexeitando tal actividade e propoñendo a súa realización nun día lectivo.

Saúdos. Daniel Veiga

Pódese comprobar no apartado de formación de profesorado , e non é para os que empezan, xa que son as II XORNADAS , as primeiras foron o ano pasado. Ali pon a data de realización. Un saúdo. Mercedes Vázquez.

Ola, si é algo moi puntual e se o curso merece moito a pena non me importa. Pero, non como forma habitual de desenvolver os cursos.

Mercedes Rodeiro.

Aínda que con retraso non quero deixar de manifestar o meu desacordo coas xornadas de formación en sábado. Eu fun pola mañá pero á tarde co día que estaba vinme porque non quería viaxar de noite. Creo que se abusa, despois da resposta tan numerosa que deramos o curso pasado adicando tantas horas dun día non lectivo e tendo que desprazarnos ( no meu caso hora e media pola mañá e hora e media pola tarde..). Considero moi positivas e necesarias as xornadas, en xeral moi ben os temas, pero a Consellería debía repensar os horarios, se quere facilitarnos a nosa formación.-  
Mª Jesusa.

2010/10/18 Xunta Directiva APOEGAL <[apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)>

Elaborado o escrito en contra desta convocatoria, foi enviado por mail o pasado venres 15 de outubro e por correo postal hoxe luns 18 de outubro. En canto recibamos algunha resposta, reenviaremos toda a información a [tódol@s asociad@s](mailto:tódol@s asociad@s).

Decembro 2010... Seguimos agardando...

### **A TÚA OPINIÓN 2º PCPI**

Estimados compañeiro@s de APOEGAL.

Diríxome a vós , pois como asociada gustaríame informarvos e sobre o que en Galicia está a acontecer con segundo curso de PCPI, os chamados módulos voluntarios.

Como sabedes , o alumnado que cursa un PCPI, ten a posibilidade de cursar un segundo ano voluntario, agás no alumnado de incorporación con 15 anos para os que é obrigatorio, para obter o título de Graduado en ESO. Este segundo ano en Galicia estase a impartir nos centros que ofertamos Educación de Adultos , e estes alumnos incorpóranse a un grupo ordinario de educación de adultos no seu módulo tres do Nivel II (3º de Educación secundaria de adultos) .

Estes alumnos que en moitos casos son alumnos con certas dificultades de aprendizaxe pasan de novo a estar escolarizados en grupos grandes e sen posibiliddaes de apoio educativo por parte de especialistas,, tal e o caso que teño no meu centro dun alumno con dislexia ao que lle está resultando imposible seguir as ensinanzas de adultos.

De todos xeitos non quero personalizar, nin falar só do meu centro. Gustaríame que como asociación reflexionáramos sobre este asunto e se é posible demandáramos perante a Administración que relamente se fagan segundos cursos de PCPI e non que este alumnado se derive a Educación de adultos sen máis.

Este feito xenera problemas para todos, para o alumnado de adultos escolarizado por vontade propia e para o alumnado dos PCPI que ben voluntariamente ou ben por obriga ten que cursar estes módulos. Aínda que a finalidade dos PCPI é dar unha cualificación básica profesional para facilitar a incorporación ao mundo laboral, tamén ten outra que é favorecer, por outra vía, a consecución do título para certo alumnado . Penso que así é máis difícil conquerilo e ademais tal e como está hoxe o mercado laboral a esixencia do título de Graduado é requisito no case 100% das ofertas de emprego. Saúdos e grazs por atender a miña demanda.

**María J. Solleiro . Orientadora do IES Francisco Sánchez de Tui.**

Creo que é un problema importante actualmente -no meu centro sucede algo semellante- e que posiblemente irá a máis.

Paréceme unha idea intelixente e útil preguntar aos asociados o seu punto de vista sobre a cuestión e, no seu momento, presentar diante da Administración Educativa as reivindicacións que se estimen oportunas.

Daniel Veiga. IES Garcia Barbón.

No caso do meu instituto e por extensión zonas rurais máis ou menos ailladas, hai unha dificultade engadida como é que para cursar ese segundo ano teñen que desplazarse bastante para poder acceder a esas ensinanzas; tanto é así que no momento de ofertar os programas ao alumnado, na práctica renunciámos a ofrecerllo aos de 15 anos pola obriga de ter que cursar o 2º ano e desplazarse a Ourense, Monforte ou o Barco. [Luis Varela. IES Ancochea Quevedo.](#)

Boa tarde compañeira. En Ourense tamén é así. Eu traballo nun centro de FP e moito alumnado do PCPI (o que non aprobou a proba de acceso) está este ano na EPA de Ourense. Tamén é certo que, por razóns de profesorado ó noso centro non nos dan o 2º ano do PCPI, polo menos hai un centro cercano ó IES onde poden rematar o que empezaron e no que, penso, lle dan bastantes facilidades para sacar o título (polo que me conta o alumnado que está estudando este ano alí). Sonia Ferro. IES Vilamarín

Estimados compañeiros:

Seguindo na liña da compañeira, coa que estou de acordo en todo absolutamente, propoñería a Consellería que os PCPI tiveran a duración de dous cursos e que no remate do segundo unha vez aprobado todo se lle dera o Graduado en Secundaria. Isto non o estou inventando eu pois xa existía no borrador dos PCPI pero non chegou a Orde. Ademais polo que nos dixeron na Xornada de Orientación do pasado 13 de novembro en Santiago, neste curso virán cambios importantes e os tiros "creo " van nesa liña pero non estaría de máis facer un escrito.

Un saúdo: Angeles Piay Guance.

Ola, eu tamén traballo nun centro no que os alumnos de 2º PCPI están en adultos. Obviamente tampouco reciben a atención máis específica e individualizada que precisan, e de feito tamén hai queixas en canto ao comportamento. Como tí ben dís, volvemos a meter a alumnado, que ao marxe de problemas de aprendizaxe, estivo sendo atendido en grupo pequeno 2 días á semana no centro e logo 3 días en empresa (que é o que realmente lles

motiva e reforza máis no 1º ano do PCI: estou nun centro coa modalidade C mixta), con alumnado xa maior (máis de 25 anos) con outras motivacións para sacar o título da ESO.

Creo que sería necesario formar un grupo exclusivo con alumnado de 2ºPCPI (que case nunca ten nada en común cos que van a adultos: nin por idade, nin por expectativas, nin por motivación...de feito moitos fan o segundo ano presionados pola familia, para que estean metidos nalgún sitio) pero dado o recorte de docentes non sei se será posible.

Bueno, non é que sexa de gran aclaración pero tamén quería expresar a miña opinión.

Ana Gulías. Orientadora IES Laxeiro-Lalín

Estou totalmaente de acordo.

Susi

Suscribo totalmente el carácter inadecuado de la actual forma de desarrollar el 2º curso de los PCPI, totalmente incoherente!!!

Begoña Gómez, Orientadora do IES de Monterroso

Estou completamente de acordo coa compañeira.

Saudos.

Rubén Loureiro.

Boas,

No meu centro da Cañiza (IES) tamén teño PCPI Modalidade A dun ano de duración, o 2º fano en Ribadavia no IES que ten adultos, ....coñazo para eles polo transporte,...incluso algún non vai a Ribadavia por elo.

Opino que sería máis interesante un 2º ano de PCPI con formación práctica continuación do primeiro e que outorgase o Título da ESO, pero con orientación moi directa ós CM. Pablo, IES Cañiza.

No meu centro temos o segundo ano dos PCPI, e todo o que comenta a compañeira estamolo vendo aquí. O profesorado atopase con alumnado dos PCPI con moitas dificultades e outros que rremataron 4º sen acadar o título pero cunha capacidade e base moi diferente ao alumnado dos PCPI.

Penso que este tema debería ser abordado dende a asociación e ver de que maneira se pode facer presión na administración.

Bicos mil. Nila (Orientadora do IES Breamo de Pontedeume).

Ola a tod@s: No meu centro (IES Leliadoura) temos o 1º ano. A problemáticva que nos atopamos e que moitos/as dos/as alumnos/as que logo queren realizar o 2º ano non se lle asegura a praza xa que os criterios de admisión son os da orde que regula a admisión en ESA e algún queda fóra.

Os que se matriculan son "legalmente" alumn@s de ESA e non de 2º curso de PCPCI. Por tanto aínda que o currículo sexa o de ESA deberíamos pedir que o curso sexa específico para alumnado de PCPI e garantirlles as prazas.

Ana Álvarez

Orientadora do Lelidoura

O que comenta Ana é un problema no que eu non caíra xa que no meu centro, nestes intres, sobran prazas, pero pode ser algo que axude na argumentación para presionar a que se contemple ao alumnado de PCPI como un grupo diferente dos adultos.

Bicos mil

Nila



Hola a todos/as:

Estou totalmente de acordo que a forma de desenvolver o 2º curso dos PCPI é totalmente inadecuada. Tendo en conta o perfil do alumnado dos PCPI (baixo nivel de competencia curricular, rexeitamento a organización escolar ordinaria, intereses e habilidades relacionadas co mundo laboral...), penso que sería máis interesante un 2º ano de PCPI específico para este alumnado no que: se continuase a formación práctica, poideran acadar o Título da ESO, pero cunha orientación laboral e co obxectivo da súa incorporación aos CM.

Antonia Fernández Pena  
IES Monte das Moas

Yo comparto totalmente tu opinión, Antonia y también la de otros compañeros que la han ido dando antes. Por lo que veo y es obvio, estamos todos de acuerdo no sólo en que lo que hay ahora no funciona sino en cómo debería hacerse. Un saludo para todos.

Isabel Santos-Díez. CPR. Santiago Apóstol de Narón.

Con este tema batimos récord de participación a través do correo:

¡¡MOITÍSIMAS GRAZAS A TOD@S!!

Sonia Ferro.

Vocal de Comunicación

## NOVAS TECNOLOXÍAS PARA A ORIENTACIÓN EDUCATIVA: BARBONBLOG VERÍN EN FACEBOOK

Daniel Veiga Martínez  
Presidente de APOEGAL  
[veigaorama@gmail.com](mailto:veigaorama@gmail.com)

### GUÍA DE INFORMACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

#### A TÚA INFORMACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL



#### Acerca de

Departamento de  
Orientación  
Verín (Ourense)  
-GALICIA-  
[Escribe ao autor do Blog](#)

AS NOVIDADES DO  
BLOG DE ORIENTACIÓN  
NO TEU CORREO  
[QUERO SUSCRIBIRME](#)



<http://www.mindomo.com/view.htm?m=a3c3afafa5b5434bb003dbbbae5c9e4d>

A finais de Agosto de 2010 creo unha conta na rede social FACEBOOK, coa intención de que me poda axudar no traballo de informar, orientar e asesorar ao alumnado e ao conxunto da comunidade educativa no que se refire ao ámbito profesional do Departamento de Orientación. Non é, polo tanto, unha rede social persoal e particular, senón que se trata dun medio tecnolóxico que me permite a comunicación e me facilita a tarefa de publicar aquelas informacións que considero de potencial interese para os adolescentes e outras persoas interesadas.

Complementariamente, podo coñecer algunhas opinións e puntos de vista doutras persoas sobre as informacións publicadas e potenciar entre a xente da comarca o coñecemento dunha parte das actividades que se realizan no centro educativo.

Despois de pasados tres meses e medio aproximadamente (data de comezo: 25 de agosto de 2010 – data da análise: 7 de decembro de 2010) creo que é convinte revisar o traballo realizado (dun total aproximado de 146 anotacións e 686 amigos/as) –con exemplos- e valorar –dunha maneira xeral e persoal- a posible axuda da rede social na tarefa orientadora.

<b>Aspectos considerados</b>	<b>Nº</b>	<b>(%)</b>
<b>1.- TIC (web 2.0) para alumnado e profesorado</b>	<b>39</b>	<b>27%</b>
Exemplo: Consellos para utilizar ben as redes sociais (publicado o día 10 de setembro de 2010)		
<b>2.- Orientación académica e profesional</b>	<b>35</b>	<b>24%</b>
Exemplo: Oferta de Formación Profesional a distancia en Galicia (publicado o día 10 de novembro de 2010)		
<b>3.- Orientación laboral</b>	<b>15</b>	<b>10%</b>
Exemplo: I Feira do emprego en Santiago de Compostela os días 7 e 8 de outubro de 2010. (publicado o día 7 de outubro de 2010)		
<b>4.- IES García Barbón</b>	<b>15</b>	<b>10%</b>
Exemplo: I Feira do emprego en Santiago de Compostela os días 7 e 8 de outubro de 2010. (publicado o día 7 de outubro de 2010)		
<b>5.- Sociedade e Cultura Galega</b>	<b>16</b>	<b>11%</b>
Exemplo: As familias da cidade tamén queren o galego (publicado o día 15 de setembro de 2010)		
<b>6.- Actualidade socioeducativa</b>	<b>13</b>	<b>9%</b>
Exemplo: Resultados do informe PISA: melláramos en comprensión lectora (publicado o día 7 de decembro de 2010)		
<b>7.- Outras informacións</b>	<b>13</b>	<b>9%</b>
Exemplo: Drogas legais e consecuencias para a saúde: un mal maior (publicado o día 1 de novembro de 2010)		

En xeral, como podedes ver na táboa, teñen un peso específico moi importante as informacións que se relacionan coas actividades educativas (TIC, orientación académica e profesional, orientación laboral e IES García Barbón) ocupando un 70% do total das anotacións publicadas. O 29% restante é para os outros tres temas.

Desde unha perspectiva específica, sinalar que consideramos útil estar presentes na rede social FACEBOOK e poder achegar un tipo de información diferente ás persoas interesadas.

Entendemos que a nosa aportación –de tipo profesional- pode ser unha eficaz axuda pedagóxica para os nosos amigos/as na rede social.

Por último, anotar que tamén publicamos en TWITTER –outra rede social- unha información moi semellante a que se da a coñecer en Facebook.

<http://orientacion.blogia.com>

<http://orientarse.blogspot.com>



Twitter: @barbonblog



Facebook: Barbonblog Verín

## CONTACTA CON NÓS

Se aínda non es soci@, podes solicitarnos información e a folla de inscrición á dirección electrónica que aparece máis abaixo ou inscribirte directamente na páxina web.

Se xa pertences a APOEGAL, lembrarche que podes poñerte en contacto con nós para o que precises.

### Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia

Páxina web: [www.apoegal.com](http://www.apoegal.com)

Correo electrónico da asociación: [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)

Todas as túas propostas, artigos, experiencias ou colaboracións serán benvidas.



[www.copoe.org](http://www.copoe.org)

*Redes sociais tamén en Orientación... Entra, clickea e proba!*

**BO NADAL E FELÍZ 2011.**



